

III Plan de rescate da Xunta de Galicia - **PROGRAMA III**
AUTÓNOMOS/AS OU EMPRESAS CON MÁIS DE 10 TRABALLADORES/AS E CUN
VOLUME DE FACTURACIÓN DE MÁIS DE 2M €OU EMPRESAS DE MÁIS DE 25
TRABALLADORES/AS (TR600C)

Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas en alta no RETA ou Réxime do Mar por conta propia e profesionais con máis de 10 persoas contratadas e máis de 2M € de volume de facturación.

Empresas de máis 25 persoas traballadoras.

- ✓ Axudas **compatibles** con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.
- ✓ Axuda **incompatible cos programas TR600A e TR600B**, podendo acceder a un único programa por persoa beneficiaria.

Requisitos

1. Ter **domicilio fiscal** en Galicia*.
2. Desenvolver a actividade nos **CNAE incluídos no Anexo I do RD-L 5/2021** e ter unha **caída de volume de operacións** no 2020 de **máis do 30%** respecto ao 2019.
3. De non estar incluído neses CNAE, ter unha **caída de volume de operacións declarado ou comprobado** no 2020 de **polo menos o 40%** respecto ao 2019.
4. Ter **cantidades pendentes de pago** a provedores ou acredores de custos devengadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 (contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).
5. Os pagos deben estar **pendentes** a data de solicitude.
6. Ter **resultado positivo** no exercicio 2019 (excepcionalmente con resultado negativo se pode acreditar solvencia económica polas vías previstas na convocatoria).
7. **Estar ao corrente** coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.
8. Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.**

* Excepto empresas cun volume de operacións superior a 10 M€ en 2020 e que desenvolven a actividade en máis dunha comunidade autónoma | ** Salvo que exista convenio que teña adquirido eficacia

Aberto o prazo ata o
14 de xullo

Orzamento:
34.470.880 €



Destino da axuda | Gastos subvencionables

- O pago da débeda a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros.
- O pago da débeda dos custos fixos incorridos.

Os pagos, **deberán cumprir os seguintes requisitos:**

- Proceder de compromisos contractuais anteriores ao 13 de marzo de 2021.
- A obriga de pago debe ter nacido entre o 1 de marzo do 2020 e o 31 de maio de 2021.
- Os pagos deben estar pendentes na data da presentación da solicitude.

Obrigatoriamente a persoa beneficiaria debe destinar a axuda:

- En **primeiro lugar**, ao pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos nos que incorrera, **por orde de antigüidade** e,
- Se procede, en **segundo lugar** a reducir o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

Pago anticipado do
100% da axuda

Contía da axuda

Segundo a caída do volume de operacións	Incremento por persoas contratadas
Máis do 30% e ata o 60% → Máx 10.000 €	De 26 a 50 → 5.000 €
Máis do 60% e menos do 70% → Máx 12.000 €	De 51 a 100 → 10.000 €
De 70% ou máis → Máx 15.000 €	Máis de 100 → 15.000 €

Cálculo do importe máximo da axuda conforme RD-L 5/2021 (art. 3.2, b)

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Persoas empresarias ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no IRPF. • Empresas, persoas profesionais, entidades e establecementos permanentes cun máximo de 10 persoas traballadoras. | 40% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019 |
| <ul style="list-style-type: none"> • Empresas, entidades, persoas profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 persoas traballadoras. | 20% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019 |
| <ul style="list-style-type: none"> ○ A axuda solicitada deberá ser igual ou menor que as cantidades pendentes de pago | |

Supostos excepcionais de baixada do volume de operacións

Altas realizadas ao longo do ano 2019

A baixada de volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual** dos meses con actividade do ano 2019 co **volume medio dos doce meses** do ano 2020.

Altas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de marzo de 2020

A baixada do volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual** dos meses con **actividade** do primeiro trimestre do 2020 coa **media mensual dos tres trimestres restantes** do ano 2020.